

Paco Martín\*

### Comezos

**I**nventa-la literatura outra vez. Face-las cousas sinxelas e directas. Contar, antes de nada, coa complicidade do lector, coa súa intelixencia e capacidade para que sexa el quen faga a historia que a ti che gustaría que lese, sen que deixe de ser túa. Pensar que todos –calquera– poden ser Stendhal ou Cervantes se ti vertes neles a semente correcta. Redimir de toda pasividade ó que colle un libro nas mans para que pase a ser ese autor que sempre desexou gracias ó estímulo que nel provocas ti. Entregar ós máis a túa xenerosidade para que fagan dela o que lles pete en cada momento... Toda esa fachenda e afán redentorista pode un gastar cando é novo e –como era o meu caso– formado a golpe de mendos mal axustados.

Hoxe xa non podo estar moi certo de que esas fosen as intencións que me levaron a escribir *Muxicas no espello*, o meu primeiro libríño. Supoño que non o foron. Así e todo, agora, despois de tantos anos e tantas probas, un sente antollos de mitificar a propia mocidade e, aínda que nada sexa verdade, pensa que ten algún dereito a caer

---

(\*) Paco Martín naceu en Lugo, no ano 1940. É Mestre de Ensino Primario, profesión que exerce actualmente en Galicia, despois de estar destinado en Asturias e Euzkadí. Como escritor, publicou traballos de didáctica (libros de textos e apoio ó ensino), etnografía e narrativa. Na súa produción destacan os seguintes títulos: *Muxicas no espello* (Lugo: Celta, 1971; 2ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982); *No cadeixo* (Vigo: Galaxia, 1976; 2ª ed. 1983); *E agora cum ceo de lama* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1981); *Das cousas de Ramón Lamote* (Vigo: Galaxia-SM, 1985; 12ª ed. Madrid: S.M., 1992. Con esta obra, traducida ó castelán, catalán, bable e euzkera, incluída na *IBBY Honour List* e nos *White Ravens* de 1988 da Internationale Jugendbibliothek, obtivo os seguintes premios: «O Barco de Vapor» -1984-, «Losada Diéguez» -1985- e «Nacional de Literatura Infantil y Juvenil» -1986-. Así mesmo, existe unha versión ó Braille, publicada pola O.N.C.E., no ano 1989); *¿Que cousa é cousa?* (Vigo: Galaxia, 1985); *Lembranza nova de vellos mesteres* (Vigo: Galaxia, 1988; 2ª ed. 1991. Esta obra, incluída tamén nos *White Ravens* de 1990, foi traducida ó castelán e ó catalán); *Servando I rei do mundo enteiro* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990); *Dende a muralla* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990); *Un robot pequeno* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991; 2ª ed. 1992); *O vagón que perdeu o tren- O xardín* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991); *A se cadra, verdadeira historia do Basecus Anxeliño Viltroteira* (Santiago de Compostela: Os libros do Castromil, 1992); *Tres historias para ler á noite* (Vigo: Galaxia, 1992); *Dous homes ou tres* (Madrid: S.M., 1993).

Ademais, Paco Martín participou en moitos volumes colectivos e exerce unha grande actividade en conferencias, ponencias de congresos, colaboracións de prensa, radio, T.V., pregóns de festas, etc.

nesta clase de cavilacións e, deste xeito, xustifica-lo que veu facendo e autodesculpala inmodestia que supón crer que se ten algo que comunicar ó resto da xente.

O que si se deu, disto estou ben seguro, foi unha inocente xuntanza de ilusión, espontaneidade, ignorancia, sinxeleza e boa fe que os anos foron, en bastante medida, esfarelado.

Algunha daquelas primeiras *muxicas* –o nome que lles dera chegou a callar en certo modo. Por exemplo, na contraportada de *Nai*, libro de Neira Vilas aparecido en 1980 e no que se recrea, como xa el fixera en *Lar* (1974), o subxénero (?), dise: *O traveso diste rosario de muxicas literarias –orixinal xénero literario–...* (O comentario non vai asinado pero eu quero crer que é da autoría do Profesor Alonso Montero, que é algo así como o meu padriño literario)– coas que procuraba enceta-lo camiño daquelas pretensións iniciais, eran deste xeito:

### A vaca

*Un velliño tiña unha vaca, tamén vella, e mantiña coa herba que medra á beira das corredeiras.*

*Un serán a vaca moscou e turrou ó vello. Espetoulle un corno no peito.*

*O home voltou á casa termando do sangue coa pucha e deitouse. A vaca veu soa á corte.*

*A noite o vello estaba morrendo e ouvía laiar á vaca en baixo.*

*Tiña a escopeta cabo do leito. Colleuna con moito traballo e disparou contra a fiestra.*

*Cando o veciño acudiu, o vello dixo:*

*- Hai que muxir esa vaca...*

*E morreu.*

### O crego

*O vello crego escoitou o vento que ouveaba fóra.*

*A lampa do candil remexeuse un intre e o home engruñouse.*

*Cavilou algún tempo; botou leña ó lume; decidiu que non pagaba a pena ser santo e serviuse outra copa de augardente.*

## As ilusións

*Un rapaz foi á vila e mercou unha maleta.*

*Pediu que lle envolveran nun papel para que non se vise moito que era unha maleta barata. Xa sabía que, ó subir no tren tería que ensinala pero alí habería moitas coma ela.*

*Camiñou coma se tivese medo mais cando chegaba a estación íase sentindo ledo porque pensou que a maleta, aínda que non era boa, ía chea coas súas ilusións.*

*Mesmo se ría para a xente.*

*O revisor do coche de liña, dende metade da escaleira, recolleuna de mans do rapaz. Dixo:*

*- Ai hom, pouco pesa, coñécese que vén baleira.*

## A cega

*A velliña cega preguntoulle á súa irma se estaba bo día.*

*A irma fixo coma se non ouvira. Levaba setenta anos vendo mencer e aínda non era quen a explicalo.*

Non son unha escolla. Están tomadas do libro, a feito, entre as que non foron reproducidas noutras publicacións.

Confeso agora que, aínda que o pensei ás veces, nunca fun quen de intentar repetir algo semellante, convencido dunha inevitable perda de inocencia e espontaneidade provocada pola idade e mais por algo semellante á adquisición dun certo oficio. Algunha colaboración obrigada fíxome volver, ocasionalmente, a elas. Por exemplo esta para o número 2 de *Dorna*:

## A silla de rodas

*Vivía un tolleito no distrito residencial. Na casoupa vella que quedara aló no fondo, onde remataban os chalés.*

*Un día as mulleres pensaron en facer algo por el e, despois de se xuntaren oito tardes, decidiron mercarlle unha silla de rodas.*

*Reuníronse máis veces, falaron, pedíronlle cartos ós seus homes que tomaban güisqui fronte do televisor e, o véspera do Nadal, vestiron os abrigos de raposo prateado e marcharon á chouza a lle entregar o galano.*

*O tolleito estaba borracho e deulle a risa cando as viu. Non quixo que pasaran a porta.*

*-No meu caso non é malo de todo andar darrastro. Eu sei que é por causa das pernas.*

*A única que se sentía leda era a criadiña que carretaba a silla de rodas cando xa ían de volta.*

Ou esta que fixera, non hai moito, para o cativo do Bernardino Graña:

### O paxaro

*Dúas nenas que xogaban a correr polo xardín pararan, de súpeto, na súa leda carreira e alasaban cos ollos postos no chan.*

*Unha delas deu en chorar con saloucos miúdos e tódolos cativos que participaban do xogo acudiron formando unha roda silandeira. Riba da brillante herba verde, regada de había pouco tempo, repousaba o corpiño dun pequeno paxaro morto, coas ás abertas, rotas, nunha postura imposible. A brisa suave facía tremer docemente a pintada plumaxe do seu peito e acariñaba, engorde, a cabeciña degolada na que se debuxaban as pingas grises das pálpebras pechas. Tiña o bico marelo aberto no esforzo definitivo dun chíío mudo e inútil.*

*Algo rachou o silencio da tardiña e os rapaces ergueron as cabezas. Tamén a nena que choraba puido ver, entre o vidro sen forma das súas bágoas, que era un aeroplano o que voaba por riba deles.*

Ou estoutra, do trinque coma quen di:

### Homes

*Estaba o aire morno e clara a noite.*

*Na praza cativa, recatada entre fachadas vellas, os dous homes que ollaban ó ceo sabían un do outro, mais nada se dicían porque nunca antes se viran.*

*Eran dous homes bos e quizais procurasen o mesmo na soidade de cada un.*

*Un deles, o máis inqueda, quíxose mover cara ó medio da praza mais o grupo de rapazas e rapaces que chegaban daquela parouno cos seus risos ledos.*

*Por algún tempo o silencio tépedo da noite tremelou anovado pola música tallante daquelas voces limpas. Seguiron, ó cabo, os mozos o seu camiño e canda eles marchaba o tempo vital dos sorrisos.*

*Agora os dous homes virábanse un cara ó outro, e era porque as estrelas estaban xa moi lonxe dos seus ollos toldados polas bágoas.*

Porque penso que así comezou todo e que o resto veu chegando coma se o fixese darrastro pouco quedaría, xa que logo, por dicir.

Lugo, novembro 1993